

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Infórmase que, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e no resto da normativa aplicable nesta materia, os datos persoais facilitados, tanto no caso de persoa física coma no caso de representantes dunha persoa xurídica, serán tratados, en calidade de 'responsable do tratamento', polo Parlamento de Galicia.

A finalidade da recollida e tratamento da información é a xestión administrativa dos procedementos de contratación pública do Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia conta cun Rexistro de actividades de tratamento que está publicado na súa páxina web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>, onde se detalla respecto da contratación administrativa, entre outra información, ademais da dita finalidade do tratamento, a súa base xurídica, os destinatarios, e os dereitos dos interesados.

O Parlamento de Galicia garante que se adoptaron as medidas técnicas e organizativas necesarias para manter o nivel de seguridade requirido, en atención á natureza dos datos persoais tratados.

Os datos persoais almacenados nos ficheiros do Parlamento de Galicia non serán cedidos a terceiros, agás nos supostos legalmente previstos.

No suposto de que a contratación implique o acceso, por parte do contratista, a datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable o Parlamento de Galicia, o contratista terá a consideración de 'encargado do tratamento'. As responsabilidades do encargado do tratamento regularanse conforme o establecido no artigo 28 do dito Regulamento xeral de protección de datos.

En calquera caso, os contratos que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar integramente o disposto na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos e oposición ao tratamento poderán exercerse ante o Parlamento de Galicia, situado na rúa Hórreo 63, 15701, Santiago de Compostela ou a través da súa web <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>. A información adicional e os formularios correspondentes para o exercicio destes dereitos está dispoñible na web do Parlamento de Galicia <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>.